

ÁREA DE BENESTAR COMUNITARIO
SM DE CULTURA E FESTAS
Ref.: SIR/2019

CONCURSO INFANTIL DE COMPARSAS E DISFRACES 2019

DATA: domingo, 03 de marzo

HORA: 17:30 h

LUGAR: Pazo dos Deportes

BASES

1ª) Poderán concursar todos os menores de 16 anos que se inscriban no SM de Cultura e Festas (Centro Cívico Cultural de Arteixo, paseo fluvial s/n) ata ás 14.00 h do día 22 de febreiro do ano que andamos, podendo ampliarse este prazo ata o mesmo día do concurso se así o determina a Organización.

2ª) Establécense as seguintes categorías e premios:

	COMPARSAS (de 6 ou máis integrantes)	GRUPOS (de 2 a 5 integrantes)	INDIVIDUAIS
1º Premio	120,00 €	80,00 €	50,00 €
2º Premio	100,00 €	70,00 €	40,00 €
3º Premio	90,00 €	60,00 €	30,00 €

3ª) Nos colectivos só se permitirá a subida ao esceario dos participantes menores de 16 anos.

4ª) O tempo máximo de permanencia no escenario será de 5 minutos para as agrupacións que presenten coreografías, squetchs, coplas, etc.

5ª) O xurado estará presidido pola concelleira de cultura e festas ou persoa en quen delegue, dous membros de recoñecida solvencia e un secretario/a, con voz e sen voto, que levantará acta.

6ª) O fallo darase a coñecer unha vez finalizado o pase dos participantes polo escenario, para o que o xurado terá en conta a orixinalidade da idea, os materiais de elaboración do vestiario, a construción artesanal xunto coa súa complexidade e acabados, así como a graza para o seu porte e as coreografías que presenten.
O fallo do xurado será inapelable, quen resolverá calquera circunstancia non prevista nestas bases. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios e o seu importe poderase destinar a outra modalidade en calidade de accésit.

7ª) Cada criterio de valoración será puntuado do seguinte xeito: 0 puntos: carece; 1 punto: malo; 2 puntos: regular e 3 puntos: bo. A suma total de cada criterio e da totalidade dos membros do xurado establecerá a orde dos premios. No caso de empate decidirá a presidencia do xurado.

8ª) As bases e as solicitudes poderán recollerse no Centro Cívico Cultural de Arteixo a partir do día 04 de febreiro, data oficial do comezo do prazo de inscrición. A participación neste concurso leva implícita a aceptación das presentes bases.

ÁREA DE BENESTAR COMUNITARIO
SM DE CULTURA E FESTAS
Ref.: SIR/2019

FOLLA DE INSCRICIÓN CONCURSO INFANTIL DE COMPARSAS E DISFRACES 2019

D./Dna. _____
tfno.: _____ e-mail _____
endereço _____
inscribe a _____ con idade _____
no Concurso Infantil que organiza o Concello de Arteixo o domingo, día 03 de marzo, na seguinte modalidade (sinalar onde proceda):

INDIVIDUAL

- DENOMINACIÓN DO DISFRAZ: _____

GRUPO

- DENOMINACIÓN DO GRUPO: _____

- Nº DE INTEGRANTES: _____

COMPARSA

- DENOMINACIÓN DA COMPARSA _____

- Nº DE INTEGRANTES: _____

Ademais, fai constar que achegará (sinalar o que corresponda):

MÚSICA GRAVADA

SI

NON

CD

PEN DRIVE

DURACIÓN (en minutos)

OUTRO/S ELEMENTO/S destacables que relaciona a continuación _____

Arteixo, de de 2019

Nome, apelidos e DNI do asinante

ESTA FOLLA CARECERÁ DE VALIDEZ SE NON SE CUBRE EN TÓDOLOS APARTADOS